

ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2022/1	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Aprobación de proxectos de obra para incluír no Plan Concellos 2022»
<b>Data</b>	17 de febreiro de 2022
<b>Duración</b>	Desde as 9:34 ata as 10:39 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	Verónica Tourón Domínguez
<b>Secretaria</b>	Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ



Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	NON

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### 1.- Recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2022

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Sr. Núñez Troncoso:** Por cuestión de orde, nós pediamos o día 13 deste mes, pedíamos que se adxuntaran ao expediente as facturas de inversión do capítulo 6, dado que é o que se vai a aprobar, non temos coñecemento delas, non se nos deu acceso nin que saibamos a data de hoxe non se incorporou ao expediente, creo que é un documento fundamental para que este grupo poida tomar unha decisión, queremos saber que é o que se vai a aprobar, non sei cal é motivo do porqué non se incorporaron ao expediente esas facturas, teremos que ver as facturas.

**Sra. Alcaldesa:** O que vamos a aprobar está nunha relación completa que aparece o importe total.

**Sra. Pereira González:** Xa vós dixen na Comisión que non sabía si ía a dar tempo a incorporalas, xa sabedes doutras veces, incorporar as facturas ao expediente non é unha tarefa dun minuto nin de dous e a semana se complicou aínda máis, faltou a persoa que está en intervención durante un día e non foi posible telo para hoxe, de todos os xeitos, como ben dixo a Alcaldesa, aquí tedes un listado coas facturas e vós cada certo tempo pedides o rexistro de facturas e polo tanto tedes acceso a todas as facturas, e se vos está dando, vostedes teñen acceso a todas as facturas que entran no Concello.

**Sr. Núñez Troncoso:** Nós pedimos as facturas de inversión que van a ir a este recoñecemento, que se van a aprobar neste pleno, non pedimos todas as facturas que entran neste Concello, simplemente as que van neste expediente, é un documento fundamental, senón que é o que vamos a aprobar. Como pretende que nós aprobemos unhas facturas se nós non sabemos o concepto desas facturas? Creo que é un documento fundamental, se a isto lle chaman vostedes transparencia e pretenden que nós votemos a favor do pago de unhas facturas e non sabemos o que vamos a votar, se a iso lle chaman transparencia, vostedes saberán.

**Sra. Alcaldesa:** Eu repito o que dixo a concelleira de Facenda, está o listado completo,



eu non estiven, non puiden estar nesa Comisión Informativa pero como comentaba a compañeira Lucía vostedes piden o acceso á facturación durante todo o ano, cada certo tempo e o acceso a elas as teñen. De todos los xeitos temos cinco minutos na primeira quenda para debater cada un e outros cinco na segunda, se teñen algunha dúbida sobre algunha factura concreta intentaremos solucionarlla.

**Sra. Pereira González:** O recoñecemento extraxudicial de crédito, como xa temos falado e debatido é un procedemento que nos permite incorporar facturas dun exercicio ao exercicio seguinte, son facturas neste caso do ano 2021 que no momento da súa presentación non dispuñan de crédito na súa partida presupostaria correspondente e polo tanto non se puideron aprobar e que agora co exercicio do 2022 en vigor, neste momento prorrogado do 2021, xa dispoñen de partida e o lóxico e o xusto é que estas facturas vaian a aprobación o antes posible.

O expediente é sinxelo, temos o listado de facturas, temos a proposta e temos o informe de intervención e o listado comprende facturas entre o 1 de xaneiro e o 31 de agosto. É un listado que suma un total de 460.912,96€ e que nel podemos atopar facturas de todo tipo, temos máis de 20.000€ de gasto de enerxía eléctrica, cerca de 50.000€ de limpeza extraordinarias nos centros de ensino e nas distintas instalacións municipais. En torno a 50.000€ tamén de desbroces e mantementos de xardíns e de parques; 150.000€ de obras, reparacións varias; 20.000€ en redacción de proxectos, direccións de obras e subministros de todo tipo, reparacións de vehículos; gastos todos eles necesarios e que están realizados os traballos, os servizos están prestados e que como digo, neste momento dispoñemos de crédito na partida presupostaría correspondente e é de xustiza aprobalos.

En canto ao debate inicial que pretendía dar Joaquín como xa expliquei, as facturas están nun listado no que se detalla unha parte do concepto, provedor e importe. Independentemente dese listado son facturas do ano 2021 e vós ao longo do ano 2021 ides pedindo o acceso ao rexistro de entrada e ao rexistro de facturas e polo tanto esas facturas xa as tedes, xa se vos deu acceso a elas, hai que buscalas, tedes o número de factura, hai que buscalas tampouco é complexo. Non podedes dicir que é unha información que non tedes porque si as tedes esas facturas, se vos proporcionaron e tampouco me parece xusto que estea condicionando o voto a que non ten unha información e que estea dicindo que non pode votar, que non saben como votar porque non teñen esa información cando xa na Comisión votaron en contra, polo tanto non poña ese pretexto porque acceso as facturas si tiveron, si teñen e o seu voto na Comisión xa foi en contra, polo tanto, non condicionen agora que neste expediente en concreto non se lles subiron as facturas. O que estamos debatendo é si queremos pagar aos provedores polo traballo que realizaron no ano 2021 e que non puideron cobrar e que neste momento temos partida e temos liquidez na conta para facer fronte a este pago e polo tanto o que vamos a votar é si lles pagamos aos provedores si ou non.

**Sr. Núñez Troncoso:** Viva a transparencia de novo, señores do goberno. A verdade é



que vendo este expediente de recoñecemento de facturas sen pagar dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de agosto do 2021, en total 276 facturas por 460.000€, este grupo chega á conclusión de que o goberno xa non se conforma con esquilmar aos veciños coa reclamación do IBI senón que pretenden e o conseguen que os provedores sexa outra fonte máis de financiamento deste Concello, e o dicimos con causa, hai provedores que levan máis dun ano sen cobrar. *“A maioría das facturas e gasto obxecto deste recoñecemento extraxudicial que nos ocupa carecen de todo tipo de tramitación administrativa e contable, respecto dos cales non consta a xustificación da súa necesidade, fiscalización e autorización previa do gasto”*, isto o di a Sra. Interventora municipal que non o di este grupo, así emite reparo con efectos suspensivos, que quere dicir isto? Que se suspende a tramitación mentras non se resolvan os defectos que ten este expediente, salvo que o pleno levante ese reparo, cousa que este grupo non vai a participar e máis aínda cando non sabemos o que vamos a votar, que facturas sobre todo de inversión vamos a votar, non sabemos o concepto desas facturas, que é o que me refería antes. A conclusión que se quita de este informe é que o goberno sigue xestionando a base de ocorrencias, sobre todo no capítulo 6 de obras e inversión, e non dicimos que os traballos ou obras non sexan necesarias, que ese sería motivo doutro debate, o que dicimos é que non se faga unha planificación previa que para iso temos o orzamento, non hai planificación previa ningunha. Cando falamos de planificación previa nos referimos ao seguinte, vostedes aprobaron o orzamento de 2021 o 15 de abril do 2021, como é posible que entraran facturas no rexistro deste Concello dende o 1 de xaneiro do 2021 ata aprobación do orzamento, como dicía antes o 15 de abril, por un total de 67600€ e ese gasto non este contemplado no orzamento? Facturas incluso de compra de ferramentas, vostedes teñen esa información, saben dese gasto e sen embargo non o contemplan no orzamento, iso se chama planificar. Como é posible que non se contemple no orzamento unha factura que entra o 7 de xaneiro do 2021 por 3.300€, ou outra o 1 de febreiro por 1376€, ou outra o 15 de febreiro por 2.011€? Por unha compra dunha máquina, o 12 de marzo por 18900€ unha obra e outra máis por 31600€ outra obra, estes o sabían vostedes antes de aprobar o orzamento sen embargo no orzamento non aparece contemplado, planificación nula.

Hai partidas que en xuño, dous meses máis tarde que vostedes aprobaran o orzamento non teñen crédito, non hai cartos, partida de subministro, partida de Sogama que a factura do mes de maio do 2021 está sen pagar, a ITV do vehículos. Vostedes saben ou saberán os vehículos que ten o Concello, saben cando pasan ITV, saben canto costa pasar a ITV, é fácil de facer o cálculo do gasto anual, pois xa no mes de xuño non hai cartos para pagar o ITV. Mantemento de vehículos outro tanto; carteis de obra, calquera veciño ven a pedir unha licenza de obra paga o cartel sen embargo a empresa que elabora e subministra eses carteis de obra leva case un ano sen cobrar, pero aos veciños se lle cobra ao momento; ou a empresa que recolle o cartón ou o plástico máis ou menos sabemos canto é o coste anual, pero dende xuño non hai cartos para pagarlle. Se a planificación xa de por se é nula, o control do gasto peor aínda. Fai tres días preguntamos, ao que daquela era Concelleiro de vías e obras Sr. Miguel, sobre unha factura de inversión-obra e a resposta foi a seguinte *“non sei*



*moi ben donde foi esa obra, igual é un erro da empresa” e vostedes nos piden que nós aprobemos facturas que vostedes, o goberno, non saben onde se executou esa obra, e máis, como se conformou e se deu o visto bo a esa factura si vostedes din que pode ser un erro da empresa? Como pretenden que nós aprobemos este expediente cando vostedes mesmos non saben o que van a recoñecer?*

**Sr. González González:** O outro día na Comisión informativa de asuntos de pleno, eu non me lembraba desta factura, non me acordei nese momento de que obra se trataba, pero despois efectivamente fun buscala, informeime, este era un asunto moi antigo, a conformidade desta factura está dende principios do ano pasado, acórdaste, Joaquín, do asfalto do camiño de Liñares á igrexa que foi executado cun Plan marco fai xa bastantes anos? E aí reconstruíanse os muros que se fixeron para o ensanchamento, estaba todo contemplado no proxecto excepto algunhas cousiñas que se pactaron alí sobre a marcha cos que doaron os terreos, os muros de contencións de mampostería que se executaron na subida á igrexa e substituían aos outros muros xa existentes que tiñan eles e a parte de iso, prometeráselle a colocación dunha fila de perpiaño encima do muro de mampostería, no desenrolo da obra, na colocación do perpiaño non foi necesaria, foi quedando ata que houbo que executala porque fora apalabrada e colocouse esa fila de perpiaño enriba da mampostería tal como estaba pactado.

**Sr. González Coto:** Este punto xa o acaba de explicar a compañeira de goberno e Concelleira de Facenda, Lucía Pereira, agradecer o traballo tanto a ela como ao departamento de intervención polo traballado realizado e sobre todo salientar que o importante do que aquí vamos a aprobar e pagar as empresas e aos provedores que realizaron os traballos para o Concello polo que o voto do Partido Socialista vai ser favorable, despois da explicación que deu a compañeira o único importante de aquí vamos a aprobar é iso, os traballos están realizados polas empresas e provedores, o noso voto vai ser favorable.

**Sra. Pereira González:** O recoñecemento extraxudicial de crédito é un procedemento normal, habitual que o hai en todos os Concellos, trátase de facturas de traballos realizados, de subministros prestados. Vostede lee o informe de intervención no que di que non hai un informe de necesidade, pois dígame vostede cal das facturas que hai aí non era necesario levar a cabo, dígame cal e entón debatímolo. Estivo detallando unha serie de facturas todas elas necesarias e todas elas imprescindibles. O que vamos a votar e a aprobar é pagarlle aos provedores polos traballos que realizaron e que teñen que cobrar e que precisamente nestes momentos que hai partida presupostaria e que hai diñeiro nas contas para pagar, temos a obriga de facelo.

**Sr. Nuñez Troncoso:** Diñeiro tamén había o ano pasado e estamos na mesma situación. Se incumpre a Lei de contratos do sector público, o dí o informe de intervención, se privatizan servizos, quen o diría de vostedes, privatizar servizos públicos. Vostedes ata chegan ao extremos de privatizar servizos públicos que



contactan con unha empresa de Cantabria para que lle preste persoal para a recollida do lixo. Como se vai a financiar este recoñecemento? Que a Sra. Concelleira non dixo nada, mire, o 60% máis ou menos vai a cargo do orzamento deste ano prorrogado do 2021, ou sexa, a que se vai a minorar, trincar o orzamento en 276.000€ e o 40% restante a través dunha modificación orzamentaria en 187.000€, dos cales non teñen mellor ocorrencia que eliminar da partida de mantemento de reparación de camiños veciñais, sobre todo nas parroquias, 30.000€, como están tan ben as parroquias vostedes aínda minoran desta partida de mantemento de camiños veciñais 30.000€, ou sexa, unha partida de publicidade e propaganda que teñen vostedes consignados sobre 100.000€, aí non lle toca, non vai a ser que se queden sen vídeos propagandísticos. Decía a Sra. Concelleira Lucía que hai facturas de limpeza de centros de ensinos. Eu non mirei ningunha de facturas de centros de ensino, si hai de limpeza de sendas, si hai limpeza viaria pero non de ensino, porque coa relación que temos dese concepto non hai ningunha. Di vostede o informe de necesidade, que informe é ese? Ese e novo.

Despois hai outras curiosidades, hai unha factura de 5.100€ polo concepto de “Reparación bancos plaza do mercado”, uns bancos que se colocaron fai máis ou menos 6-7 anos, pois si cada 6-7 anos hai que facerlle unha reparación deste importe apañados vamos. Nos xa puxemos enriba da mesa o porqué do noso non, está máis que claro, máis que xustificado sobre todo porque non tivemos acceso ás facturas para saber en que concepto se emitían esas facturas e despois basta con ver o informe de intervención apuntala máis o no punto respecto. O dicía Miguel da factura esta de Soutelo, nos chama a atención que unha obra de fai bastantes anos como vostede di e resulta que entra en rexistro do Concello o 1 de febreiro do 2021 e xa non só que entrara nesa fecha, nin o contemplaron no orzamento que o aprobaron dous meses máis tarde. Se iso é planificación, que veña outro e que nolo explique, polo tanto o noso voto vai ser en contra. Nos gustaría saber, como estas facturas que se van a recoñecer son ata agosto, queda o gordo, o gordo son as facturas que quedaron sen pagar, que quedaron sen crédito dende setembro a decembro. O goberno si que ten ese dato outro motivo máis de falta de transparencia, saben perfectamente canto quedou sen pagar de setembro a decembro, espero que ben a Alcaldesa ou ben a Concelleira de área nos diga ese importe.

**Sra. Pereira González:** Eu non me inventei ningún informe de necesidade, vostede leu un informe de intervención no que dicía que non se xustifica a necesidade, e eu lle digo que posiblemente non estea xustificada nun informe escrito nun expediente en xestión, pero a necesidade está máis que xustificada e da que vostede teña dúbida da necesidade nós lla explicamos, simplemente aclararlle iso. E que o recoñecemento extraxudicial de crédito vai con cargo ao exercicio do 2022 xa o anunciei no inicio da exposición, niso consiste o REC e esa é a competencia plenaria aprobar facturas dun ano con cargo ao orzamento do seguinte.

**Sra. Alcaldesa:** En canto ao comentario de falta de transparencia eu creo que na súa



exposición o compañeiro do Partido Popular fixo clara alusión a moitas das facturas, co cal se mira e se comproba que coñece as facturas que tiveron acceso a elas porque o acaban de demostrar xusto na súa exposición. En canto a que se goberna a base de ocorrencias, eu creo que ningún membro deste goberno traballa a base de ocorrencias, se traballa a base de dar resposta ás demandas da veciñanza. En canto ao das parroquias creo que eu como a Concelleira de Facenda xa dixen cal era o motivo principal deste pleno, que é a aprobación de dous proxectos que se trataran agora e que falan de darlle resposta a esa demanda de vieiros de parroquias, polo cal creo que tampouco procede dicir que se teñen abandonadas, porque xusto este pleno vai de iso, de vieiros de parroquias. En canto á resposta, non se sabe o dato exacto e non se ten aínda rematado este traballo e cando se teña se traerá a este pleno para que vostedes lle dean ou non, como sempre, a súa aprobación.

Cando fala de que non hai facturas de limpeza, por certo competencia da Xunta que volta en nós, cando non hai facturas de esas é porque ao mellor se pagaron esas e quedan outras, porque non da para todo cando a Xunta de Galicia nos vai trasladando as súas competencias en máis e si se pagaron esas, por orde de prelación, pois quedarán seguramente desas facturas a partir de aí, o que non podemos é enganar a xente dicindo que non hai ese tipo de gastos porque os hai e a Xunta o sabe. Paso a dar lectura da proposta de acordo seguinte:

*“Resultando preciso recoñecer obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento cando está constatada a efectiva prestación dos servizos e subministros de bens e servizos por parte dos terceiros, e constan no expediente as facturas e documentos xustificativos acreditativos de cada un dos gastos debidamente conformadas polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.*

*Considerando que o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, establece:  
“Corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria...”*

*Visto o informe da Interventora municipal núm. 2022-0011 coa correspondente nota de reparo.*

*Considerando que o artigo 217.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (R.D. Legislativo. 2/2004, de 5 de marzo) atribúe ao Pleno da Entidade a resolución dos reparos formulados pola Intervención municipal cando é por insuficiencia ou inadecuación de crédito.*

*En atención ao exposto, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte*

**ACORDO:**

*Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2022 correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan no Anexo adxunto no*



*expediente núm. 283/2022, ascendendo a un total de 460.912,96 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2022, nesta data prorrogado do ano 2021; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.”*

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta APROBADA por SETE votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(3) e CATRO VOTOS EN CONTRA dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte ACORDO:**

*Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2022 correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan no Anexo adxunto no expediente núm. 283/2022, ascendendo a un total de 460.912,96 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2022, nesta data prorrogado do ano 2021; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.*

**Expediente 334/2022. Aprobar do proxecto “Mellora de camiños municipais en San Xurxo, Picoña, Entenza, Parderrubias e Budiño”-**

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

**Sra. Castiñeira Alén:** Neste segundo punto imos a aprobar un importante proxecto de mellora camiños municipais en diferentes parroquias San Xurxo, Picoña, Parderrubias e Budiño. Falamos disto na Comisión Informativa, dándolle as explicacións pertinentes aos compañeiro do Partido Popular, explicando onde se ubicaba cada un destas actuacións. Dicar que precisamente o motivo da convocatoria deste pleno extraordinario é levar a diante a aprobación destes proxectos para remitilos canto antes a Deputación, forman parte do Plan Concellos 2022-2023, hai algúns pendentes de aprobar pero para que se inicie canto antes esa tramitación e envío e poder ter así máis tempo para os expedientes que faltan, traemos hoxe a aprobación estes proxectos.

Como dicía, xa na Comisión vos explicamos que cales eran eses vieiros municipais, son moitos os nosos vieiros nas sete parroquias e son moitas as necesidades que existen. Levamos feito un tremendo esforzo a través de diferentes financiación, Plan Marco, Plan Concellos e fondos propios e seguimos nesa liña de mellorar os vieiros do noso rural que xa sabemos que son fundamentais. Esta quenda por necesidade, por petición veciñal e porque criamos necesario non só o grupo de goberno, senón en moitísimas ocasións reivindicadas polo grupo da oposición nesta sesión plenaria a través de mocións e de rogos. Imos incluír varios camiños municipais na parroquia de San Xurxo camiño da Cámara Agraria a Casás e un anaquiño de Bouzavedra, na parroquia de Picoña actuarase no barrio de Pedrapinta, na parroquia de Entenza no





Camiño de Cotello na estrada Penedos- Eido de Arriba e na Costa da Patra. Na parroquia de Parderrubias executáranse obras en Maceira, un vieiro en Fontán e na parroquia de Budiño pavimentarase un tramo do vieiro de Seixo Blanco. Ademais do asfaltado estas obras son moito máis, son limpeza de cunetas son inclusión de recollida de pluvieiros, moitas delas previsión para saneamento, aglomerado, pavimentación, levantado de tapas, en definitiva mellorar os vieiros das nosas parroquias que como dicía antes o Partido Popular e que concordamos todos na Corporación son fundamentais para as nosas parroquias.

Voume permitir comentar algo do punto anterior, Joaquín está moi ben gravar vídeos para logo colgar nas redes sociais pero xa que vostede fala tanto de transparencia eu pediríalle que fixera un exercicio da mesma e colgara todo o vídeo, que ademais queda nas redes sociais do Concello e que así os veciños e as veciñas teñen a oportunidade de saber o que di cada unha das partes que conforman esta Corporación e non só o que di vostede, eu creo que iso si que é un exercicio de transparencia e tamén dicirlle que sen a aprobación do REC o seu voto en contra só era unha factura de 1300 do camiño de Filgueiras que coñece perfectamente e 5000 en bancos de reparación dunha praza ao mellor este goberno tan tan mal non o está facendo.

**Sr. Núñez Troncoso:** Os vídeos xa o colgan vostedes a costa dos cartos dos veciños. Nós cos nosos medios, vostedes os colgan a conta dos cartos dos veciños, que hai moita diferenza e o vídeo está todo colgado na páxina do Concello, salvo que o borren como fan coas actas dos plenos que non as colgan na páxina do Concello levan un ano e pico sen colgar. Iso é transparencia. Respecto das facturas non son esas dúas facturiñas como vostede di, son moitas, o que é lamentable e que haxa 67.000€ que vostedes sabían que se gastaron e non o contemplaron no orzamento, iso é lamentable.

**Sra. Alcaldesa:** Aclarar que as actas están colgadas na páxina do Concello, salvo dúas que estaban sen rematar, dende fai mes ou mes e medio, dende despois do pleno de decembro, si hai algún problema técnico-informático ao acabar este pleno o comprobaremos.

**Sr. Rodríguez Davila:** Sra. Alcaldesa acabo de comprobar e está colgado o último pleno do 17 de decembro do ano 2020, outra cousa é que vostedes digan que estea colgado noutro sitio como é a sede electrónica, agora na páxina do Concello está colgado o pleno de decembro do ano 2020.

O propio goberno acaba de manifestar que o motivo deste pleno é estes dous proxectos que pretendemos aprobar, polo tanto o máis importante é estes dous proxectos e non é pagarlle aos provedores en tempo e forma e polo tanto, é a demostración de que o goberno utiliza o seu mecanismo para financiar obras que non ten os orzamentos para elo e que en consecuencia teñen que sufrir ou esperar meses e meses, máis dun ano, en cobrar os seus traballos e os seus servizos. Logo hai que



escoitar tamén como se nos enche a boca aos políticos, uns máis que outros, en que facemos un gran esforzo etc... home, de que o goberno faga esforzos en distribuír os cartos que os contribuíntes aportamos ás institucións públicas pois creo que non é facer un esforzo por parte do goberno. O goberno o que fai é distribuír os recursos que veñen de administracións superiores ou directamente dos propios veciños de Salceda que pagan relixiosamente os seus impostos e as súas taxas das licencias municipais. Esforzo si que fan os veciños a través do inxusto e insolidario catastrazo, iso si que é un gran esforzo non o que fai este goberno respecto da distribución como digo dos cartos de todos eles.

Centrándome nos proxectos en si, como ben dixemos na Comisión, nós estamos de acordo en todo o que sexa mellorar o noso Concello, neste caso en vías públicas e estradas municipais, pero como manifestei tamén publicamente no día de hoxe, moitas delas nós as faríamos doutra maneira, con proxectos máis ambiciosos e sobre todo, atendendo á realidade dos sitios en concreto, por exemplo, estamos de acordo en mellorar a estrada que vai da Cámara Agraria ao cruce que baixa de Casás, pero nós levamos tempo, anos, pedindo que se asfalte o anaco en Casás que vai cara a Maceira e que baixa a ese cruce que vostedes pretenden rematar ese asfaltado, esperemos e desexamos que nos próximos proxectos que traian a este pleno contemplen esa necesidade, porque non é cuestión de meses e cuestión de anos que está lamentable ese anaco de estrada e que é de xustiza asfaltalo. Sorpréndenos que neste proxecto non se contemple esa prolongación cara a estrada de Casásm, dirección Escola Xoaniña e cara a Maceira, polo tanto esa é a nosa reivindicación dese proxecto. Logo hai outra, como ben se dixo, en Bouzavedra concretamente no Alto da Forca, por detrás das casas que hai alí efectivamente está desastroso e aquí unha vez máis, sendo coherente, independentemente de quen vive ou deixe vivir nese lugar, é unha estrada municipal que hai que dar servizo. Digoo porque hai actas onde hai opinións de concelleiros da Corporación respecto de obras que se fixeron en certos sitios, digoo porque unha vez máis este grupo mostra a coherencia e efectivamente nós apoiamos todo o que sexa necesario e todo o que sexa bo, viva quen viva e sexa para quen sexa, porque en definitiva os utilizamos todos, porque son camiños públicos e pasamos todos por eles. Polo tanto, nos votamos a favor e efectivamente ese camiños está desastroso e hai que asfaltalo perfectamente.

En canto aos dous camiños que se pretenden asfaltar en Picoña totalmente de acordo, aí se dan unhas tiras de ensanche e unha prolongación do mesmo, unha vai para unha casa en concreto, polo tanto nós estamos de acordo tamén nesas dúas melloras en Picoña. En canto ao Cotelle en Entenza estamos de acordo, en Eido de Arriba en Entenza igualmente, na Costa da Prata aquí outra obra máis, é dicir, fixeron unha mellora fai anos como non había recursos, nin proxecto, nin orzamento, deixaron abandonado e agora vai e fan o que tiñan que haber feito dende o inicio, que é facer o ensanche e o asfalto ao mesmo tempo, polo tanto estamos de acordo aínda que lamentamos que haxaa tanto tempo de espera. En Parderrubias-Fontán totalmente de acordo con ese anaco a asfaltar e na entrada das casas de Maceira exactamente o mesmo, igual que en Seixo Blanco-Budiño, polo tanto o noso voto vai



ser afirmativo neste proxecto a pesar de que nalgunhas obras nos gustaría que fose mellorada e máis ambiciosa.

**Sr. González Coto:** Este punto xa foi explicado pola compañeira de Vías e Obras, Loli Castiñeira, neste expediente en concreto levamos dez actuacións en cinco parroquias para mellorar os vieiros e o voto do Partido Socialista vai ser favorable, porque o que queremos é mellorar o rural e evidentemente como xa vimos facendo mellorando camiños neste últimos anos.

**Sra. Castiñeira Alén:** Este anaquiño de Casás concordamos que está feito un desastre e que a petición ademais trouxéronma nalgunha moción, nós tiñamos peticións previas da veciñanza, reunións con ela, e si que se vai a actuar sobre ese anaquiño o que pasa é que había un proxecto previo que íamos a asumir con fondos propios agardando a que chegada a primavera se puidera realizar, ou sexa que ese anaco do que falamos e que certamente está en moi mal estado, si que se vai a arranxar máis cedo que tarde. Os vieiros se asfaltan porque hai necesidade, porque hai peticións veciñais e porque é o noso deber a distribución do diñeiro que chega a este Concello para mellorar a vida dos nosos veciños e veciñas. Repito, dígame en que momento eu mencionei neste Pleno que se actúa nun camiño por favorecer a alguén, sen pensar no interese público, non solte ameazas que non son, porque sempre están con esa política que a verdade non aporta absolutamente nada. Eu lembro moitos debates que se deron nesta sesión plenaria, cando por exemplo algún dos compañeiros ou compañeiras de Movemento Salceda accedeu a algún posto público neste Concello, eu creo que non se deu cando se produciu ao mellor dalgún familiar ou dalgunha persoa do grupo contrario, eu creo que entrar neses debates son tan estériles, tan pouco produtivos e demostra baixeza política. Agardo que non se repitan moi a miúdo nesta sesión plenaria porque a verdade sinto moita mágoa.

En canto a mellorar eses proxectos, que serían vostedes máis ambiciosos, non aportaron nada na Comisión, eu cría que podían traer algo a esta sesión plenaria, si vostedes teñen algunha achega que facer dígana que estes proxectos moitas veces van con melloras e se poden contemplar. Dende logo estamos aquí para escoitar non para que digan frases ao aire, brindes dicindo “nós melloraríamos”, en que? Eu estou disposta a escoitar, no proceso de licitación si se poden recoller nas melloras farémolo.

**Sr. Rodríguez Davila:** Eu lle digo claramente, Sra. Concelleira, lle invito que escoite a miña intervención anterior, a ver onde me referín a vostede, escoite a miña intervención. En canto aos proxectos, claro que os melloraríamos, se quere lle paso unha relación das melloras que nos lle meteríamos, non hai problema, vostedes van a aceptar esas melloras? Van a modificar o proxecto para incluílas? Despois ao non modificar o proxecto pasa o que pasa, que aparecen facturas do valor do 40 ou do 50% do proxecto inicial e as pagamos ao ano seguinte con cargo ao RC, entón os malos malísimos somos os do Grupo Popular, porque vostedes non fan os proxectos realistas e concretos, vostedes primeiro fan o proxecto no papel, logo van a obra e na



propia obra efectivamente aparecen sorpresas, claro que en todas as obras aparecen sorpresas, pero unha cousa é aparecer melloras durante a obra por importe dun 10-20% a maiores do presupostado e outra cousa é, como ten ocorrido en moito tempo e en moitas obras ao longo dos últimos mandatos de vostedes, de facturas de importe de caso o 50% do valor inicial do proxecto, iso é ser rigoroso e ter planificación respecto das obras? Non, que pasa? Non pasa nada, que a empresa emita as facturas e xa cobrará un ano despois, así non se xestionan os recursos públicos dos veciños e así non se xestiona unha administración pública e o tempo nos da a razón e está máis que demostrado.

**Sra. Alcaldesa:** O Partido Popular lle gustaría que os proxectos fosen moito máis ambiciosos e de verdade a nós tamén, creo que a ningún dos concelleiros e concelleiras e eu como Alcaldesa diríamos que non a uns proxectos moito máis ambiciosos, o único problema é que despois hai que pagalos e o Partido Popular di que no coma no punto anterior, ese é o único problema de ter proxectos moito máis ambiciosos. Dicar si a coherencia é tratar a uns veciños dunha maneira ou de outra porque hai outros certos veciños que viven alí, non sei si esa é a coherencia, si a coherencia é non ter en conta as necesidades dos veciños e ter en conta si hai unha parte ou non de persoas que viven alí. Toca chegar a acordos e toca mellorar o rural como dicía o compañeiro Rubén e creo que niso vamos a estar todos de acordo. Hai que destacar que o motivo do Pleno eran estes dous proxectos porque necesitamos aprobalos para levalos, o motivo non quere dicir que pagarlle aos provedores non fora importante, a ver si aquí enrevesamos dúas frases e xa nos parece que todo o que di o equipo do goberno está mal dito e todo o que di a oposición está ben. Paso a ler a proposta de acordo seguinte:

*“Visto o proxecto de obras denominado “Mellora de camiños municipais en San Xurxo, Picoña, Entenza, Parderrubias e Budiño”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Francisco Javier Carballo Núñez, asinado o 09.02.2022, cun orzamento de licitación de 112.782,18€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 19.573,77€ e o presuposto sen IVE a 93.208,41€.*

*Visto o informe técnico num. 2022-0037 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2022-0003 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de*



*Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

### ACORDO

*PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “ Mellora de camiños municipais en San Xurxo, Picoña, Entenza, Parderrubias e Budiño”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Francisco Javier Carballo Núñez, asinado o 09.02.2022, cun orzamento de licitación de 112.782,18€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 19.573,77€ e o presuposto sen IVE a 93.208,41€, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”*

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos ONCE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado “ Mellora de camiños municipais en San Xurxo, Picoña, Entenza, Parderrubias e Budiño”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Francisco Javier Carballo Núñez, asinado o 09.02.2022, cun orzamento de licitación de 112.782,18€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 19.573,77€ e o presuposto sen IVE a 93.208,41€, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

**Expediente 335/2022. Aprobación do proxecto de obras “Mellora de accesos en Budiño, Parderrubias e San Xurxo”.**

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

**Sra. Castiñeira Alén:** Un segundo punto para aprobar o de obras de melloras de accesos en Budiño, Parderrubias e San Xurxo. Nesta ocasión obras de maior envergadura. Se no anterior proxecto pretendíamos recoller as necesidades de case



todas as parroquias, neste son vieiros de moito tránsito, principais en cada unha das parroquias e que pretendemos melloralos coa aprobación deste proxecto. Este proxecto técnico recollen os camiños municipais de Berreceira a Barral, en Budiño; o camiño de Loureiro en Revolta-Parderrubias e a estrada de Pedra de Auga en Vendanova-San Xurxo. Como xa vos explicamos na Comisión informativa, proxectos ambos que creo que moitos deles ían nos nosos programas electorais, proxectos que as diferentes asociacións e colectivos veciñais nos demandaron en cada unha das reunións, asociacións veciñais, comunidades de montes e centros culturais, polo tanto traemos a pleno esta aprobación para remitila canto antes a Deputación de Pontevedra dentro do Plan Concellos 2022-2023 para que canto antes chegue a súa aprobación, licítalos e poder mellorar estas estradas que como digo son demandas da veciñanza e que nos temos claro que hai que acometer coa máxima brevidade posible. Si tendes algunha dúbida, entendo que non porque na Comisión se deron todas as explicacións pertinentes e tamén formulastes a vosa intención de aprovalo aínda que vos abstivestes na Comisión, entendo que non haberá maior problema.

**Sr. Rodríguez Davila:** Efectivamente, novos proxectos nos que vamos a estar de acordo e aquí tamén. Como dixemos na Comisión, concretamente ao de Budiño o que vai dende a estrada provincial pasando pola igrexa parroquial ata o Calvario creo que na parte superior, estamos de acordo que é difícil o seu ensanchamento pero creo que ata a igrexa, concretamente hai unha zona de campos, leiras, creo que perfectamente mellorable ese proxecto de ensanche para comunicar esa estrada municipal co cemiterio e ca propia igrexa e co torreiro de festas, que por certo, leva aquilo alí anos abandonado sen aproveitar ese ensanche existente dende fai de máis de dez anos e que a día de hoxe, segue en total abandono, que polo que vemos no proxecto se vai a mellorar, que se vai a aproveitar ese ensanche do retranqueo de ese muro. Polo tanto, é unha mostra de que é mellorable ese proxecto. En canto ao de Parderrubias, a zona que sae da unitaria de Revolta por detrás, efectivamente é un camiño moi estreito, pasa un coche malamente, está en moi mal estado. Efectivamente estamos de acordo, aquí non o pon no plano, o ensanche da estrada que sube da autonómica cara o lugar das Nais, aí dou por feito, xa digo no plano non ven contemplado pois que aí se vai ensanchar o retranqueo subindo a esquerda e o retranqueo tamén deses postes do tendido, tanto eléctrico como de telefonía, para que quede o acceso mellorado a esa zona. Logo está o da Pedra de Auga en San Xurxo, efectivamente aí tamén é unha travesía estreita, aí se vai a retranquear e se vai a mellorar, como todo, sempre todo é mellorable pero efectivamente o proxecto é o que é, esperemos que se executen do mellor xeito posible para que quede ben no tempo e que non vexamos como obras que levan catro-cinco anos executadas, ou menos incluso, xa houbo que reasfaltalas, houbo que recolocar adoquíns que cada pouco tempo se solta, etc... polo tanto esixirle á empresa que execute ben o seu traballo.

En canto ao que falamos anteriormente, efectivamente a veces se terxiversan as frases en función do que un queira interpretar, pero por sorte todo está gravado e calquera pode escoitar o que di, opina e transmítelle a cidadanía, por iso coa



conciencia tranquila, alá cada quen o de enreversar ou mal interpretar o que un di.

**Sr. González Coto:** Neste expediente son tres actuacións de vieiros un pouco máis grandes, en tres parroquias distintas, o mesmo que no punto anterior e polo tanto o Partido Socialista polos mesmos motivos vai votar favorablemente.

**Sra. Castiñeira Alen:** So unha aclaración, no Barral-Becerreira nese espazo que dis que está retranqueado, efectivamente está de terra e no lateral algunha vez o utilizan para aparcar cando hai festas ou cando hai algún tipo de celebración alí. Está previsto meter unha tiriña moi pequena, está previsto metelas nas melloras incluso co seu pintado porque da para iso, aínda que hai un desnivel dende a terra á estrada creemos que se pode axeitar e contemplalo nas melloras porque é unha actuación moi pequerrecha. Se actúa, das sete parroquias en cinco delas e quedanos nestes proxectos fora Soutelo pero introduciremos un proxecto en breve no Plan Marco da estrada da parroquia e así creemos que é unha actuación correcta actuando en todas as parroquias do noso Concello.

**Sra. Alcadesa:** Como dicía a compañeira de vías e obras actuamos en todas as parroquias e importante e conservando o noso rural. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

*“Visto o proxecto de obras denominado “Mellora de accesos en Budiño, Parderrubias e San Xurxo”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Francisco Javier Carballo Núñez, asinado o 09.02.2022, cun orzamento de licitación de 154.401,67€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 26.796,98€ e o presuposto sen IVE a 127.604,69€.*

*Visto o informe técnico num. 2022-00035 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2022-0002 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

**ACORDO**



**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora de accesos en Budiño, Parderrubias e San Xurxo”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Francisco Javier Carballo Núñez, asinado o 09.02.2022, cun orzamento de licitación de 154.401,67€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 26.796,98€ e o presuposto sen IVE a 127.604,69€, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **ONCE** membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora de accesos en Budiño, Parderrubias e San Xurxo”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Francisco Javier Carballo Núñez, asinado o 09.02.2022, cun orzamento de licitación de 154.401,67€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 26.796,98€ e o presuposto sen IVE a 127.604,69€, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

#### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

#### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

